

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2015**

<u>ASISTENTES</u>	GRUPO POLÍTICO
<u>ALCALDESA:</u>	
D ^a Leticia Santos Paz	BNG
<u>CONCELLEIROS/AS:</u>	
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a Coral Ríos Santomé	BNG
D. Abel Pérez Guardado	BNG
D ^a Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D. Aldán Santamarina Corral	BNG
D ^a Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. Salvador Meira Corrales	PS de G-PSOE
D. Ezequiel Fernández Cancelas	PS de G-PSOE
D. José Fervenza Costas	PP
D ^a . María Estela Santomé Freire.	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D. José Manuel Juncal Gallego.	PP
D ^a Rosa Solla Veiga	PP
D ^a Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Antonio Sánchez Carneiro	PP
D. Francisco Javier Carro Piñeiro	XM
<u>SECRETARIO:</u>	
D. Adamantino Barreiro García.	
<u>AUSENTES:</u>	

En Moaña, o 28 de outubro de 2015, mércores, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, a Sra. presidenta declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2º.- Información sobre o cumprimento ou estado da xestión das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas
- 3º.- Resolucións da Alcaldía

4º.- Declaración institucional sobre os refuxiados

5º.- Resolución do recurso presentado contra o acordo do Pleno de data 30/07/2015 de resolución do expediente de investigación do camiño do Cunchal

6º.- Aprobación inicial da modificación de crédito nº 21/15, na modalidade de transferencia de crédito

7º.- Proposta de nomeamento de representantes na Área Metropolitana de Vigo

8º.- Adopción de acordo sobre proposta ao TSXG para designación do xuíz de paz de Moaña

9º.- Moción da Plataforma Feminista de Galicia sobre o 7N "Marcha contra as Violencias Machistas"

10º.- Moción do grupo municipal Coalición Independente Moaña XM sobre "Desafectación do uso educativo dos locais utilizados como vivendas no seguinte Centro Escolar: CEIP DE REIBÓN"

11º.- Moción do grupo municipal Coalición Independente Moaña XM sobre creación dun concurso de proxectos empresariais.

12º.- Moción do grupo municipal do PP sobre a OMIC

13º.- Moción do grupo municipal do PP sobre o Paseo da Seara

14º.- Moción do PSG-PSOE sobre rexeitamento aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016

15.- Moción do BNG sobre o transporte e mobilidade na zona Sur de Pontevedra

16º.- Moción do BNG sobre proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, que se está a impulsar por parte da central sindical Confederación Intersindical Galega

17º. Toma de razón da renuncia da concelleira dona Araceli Gestido Rodríguez

18º.- Rogos e preguntas

Antes do inicio da sesión, don Francisco Javier Carro pide intervir e expón a problemática que

padece actualmente a flota do cerco, e pide a todos os grupos que apoiem a flota galega do cerco. Os voceiros dos grupos do PP, BNG e PSdeG-PSOE móstranse a favor do dito apoio. Dá lectura a un escrito de apoio no que figura o lema: sangue, suor e lágrimas, sobre os mariñeiros do cerco que se entrega ao secretario para a súa constancia na acta e que literalmente di:

«SANGRE, SUDOR E LÁGRIMAS

*Logo dunha semana de loita contra a inxustiza ,, de ver como o sacrificio dun sector tan arraigado e profesional como e a pesca de baixura no noso pobo e en toda Galiza , esta vaixe derretindo co paso do tempo pola nefasta negociación dos nosos Concelleiros Autonómicos e a súa incapacidade de negociación coa Unión Europea , isto leva consigo unha perda de cuota a favor de outros intereses do Estado , perxudicando , dunha maneira extraordinaria e inxusta a nosa Comunidade Galega . Dende aquí , como concellal de Coalición Independiente por Moaña XM e como profesional do mar e sabedor do gran sacrificio que se sente cando os profesionais saen a pescar faga o tempo que faga ,, gustariame votar unha lanza a favor destes grandes profesionais do mar , dixíndolle simplemente **ADIANTE E LOITAR POR OS VOSOS DEREITOS QUE COMO POBO E PROFESIONALES MERECEMOS POR ENCIMA DUNHA IDEOLOXÍA , O NOSO MAR NON E MOEDA DE CAMBIO.**»*

- Intervén don José Manuel Juncal: apoio o escrito.
- Dona Marta Freire: apoio o escrito e propoño que se faga como unha declaración institucional.
- Don Odilo Barreiro: estamos de acordo, houbo inoperancia do Goberno galego pola perda da cota. Apoio tamén unha declaración institucional.
- Don José Manuel Juncal: o Goberno municipal e no consello escolar noméase.
- A Sra. alcaldesa: non é o lugar, senón na Comisión Informativa.
- Don José Manuel Juncal: pedíusenos cambiar a orde do día, díxosenos que era urxente, e non lle parece ético que a toma de razón da concelleira sexa o último punto da orde do día.
- A Sra. alcaldesa: xa foi debatido na xunta de voceiros.
- Dona Marta Freire: sempre neste Concello as renuncias van ao final da orde do día, e a toma de posesión ao principio.
- Don Odilo Barreiro: o Sr. Gallego estivo desconectado os últimos catro meses, e sempre as renuncias van no último punto da orde do día e a toma de posesión o primeiro punto. Hai descoordinación no PP. Na xunta de voceiros non houbo reproche.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Sra. presidenta dá conta do borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno celebrado o día 24 de setembro de 2015, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Don Francisco Javier Carro indica que na páxina 23, na súa intervención figura Apemar, cando o correcto é OPEMAR. Solicita que se corrixa.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan aprobar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 24 de setembro de 2015, coa corrección na páxina 23 onde di Apemar debe dicir OPEMAR.

2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS

A Sra. alcaldesa dá conta da moción presentada pola Plataforma pola defensa da ría de Vigo

Cíes, que foi remitida ao Ministerio de Fomento, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra. A moción presentada polo PP para a creación dun punto de encontro en Moaña foi remitida á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 536 do 23/09/2015, e a número 633, da data 23/10/2015. Así como a Resolución 49/15 do Patronato Municipal Beiramamar.

- D. José Manuel Juncal pide aclaración sobre a resolución número 593.
- A Sra. alcaldesa informa que dará resposta no próximo Pleno.
- D. José Manuel Juncal desexa que o explique agora non o próximo mes. Puntualiza se vostede asina sen ler, ou se ten dúbidas vostede do que asinou. Pídelle que o secretario lle aclare esta cuestión.
- Intervén o secretario quen indica que segundo establece o ROF, as preguntas formuladas oralmente ou por escrito, serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, podendo facelo tamén agora en rogos e preguntas.
- A Sra. alcaldesa indica que o secretario xa llo explicou e contestareille en rogos e preguntas ou no seguinte pleno.
- Don José Manuel Juncal móstrase desconfirme.
- Dona Marta Freire indica que vostede pediu que falase o secretario e non procede a súa actitude.
- O secretario intervén novamente e aclara que en rogos e preguntas pode a Sra. alcaldesa dar resposta ás preguntas que se propoñan sobre as resolucións.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

4º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS REFUXIADOS

A Sra. alcaldesa pide que dea lectura dona Rosa Solla á declaración xa que non está o texto na súa documentación.

Dona Rosa Solla dá lectura á seguinte declaración:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA

Ante a dramática situación que están a vivir centos de persoas refuxiadas e migrantes, vítimas das situacións de guerra e miseria que viven nos seus países, e que chegan a Europa buscando refuxio e unha vida digna; o Pleno na Corporación do Concello de Moaña insta

- A todas as Administracións Públicas a colaborar dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia e a FEGAMP, para que en colaboración coas ONG's con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.
- A impulsar no seo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de

persoas refuxiadas.

- Xestionar ante as institucións a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar ás persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña tamén quere agradecer a implicación dos veciños e veciñas que non dubidaron en prestarse voluntariamente a acoller a familias sumidas nesta traxedia.

Dende a nosa institución defendemos e defenderemos unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos para evitar situacións coma a que estamos a vivir.

Moaña, setembro de 2015

- Don Odilo Barreiro sinala que se elaborou unha declaración institucional de todos os grupos.
- Don Jose Manuel Juncal pide coordinación á alcaldesa por non ter os papeis.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda aprobar integramente a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA, anteriormente exposta sobre os refuxiados.

5º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACORDO DO PLENO DE DATA 30/07/2015 DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL

A Sra. alcaldesa dá lectura a súa proposta que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 25 de novembro de 2004 a Alcaldía-Presidencia deste Concello, acordou a demolición das obras realizadas por dona Isabel Currás Durán, en expediente de reposición da legalidade urbanística pola construción de peche de 11,56 m., que lindan co camiño público, sen gardar o retranqueo co mesmo, peche de ladrillo executado no barrio de O Piñeiro, 115 de Moaña, Ordenanza 2, sen preceptiva licenzia municipal e por entender que as obras non se axustaban ás Normas Subsidiarias Municipais deste Concello.

Posteriormente, Dona Isabel Currás Durán presenta recurso de reposición, contra esta resolución, recurso desestimado por nova resolución da Alcaldía de data 04 de abril de 2005.

Interpuxo recurso contencioso administrativo contra a última resolución, o Xulgado do Contencioso Administrativo numero 2 de Pontevedra, dita sentenza en data 14 de decembro de 2005, procedemento abreviado numero 163/05-C, acordando a nulidade da resolución impugnada e ordenando retrotraer o expediente ao momento da súa incoación, así como que polos servizos técnicos municipais se investigue e probe, na medida do posible, acerca da titularidade pública do camiño e a súa posesión municipal, e, á vista da proba practicada resolver conforme a dereito.

Posteriormente en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 2015, declarouse a caducidade do expediente de investigación numero 251 e iniciar un novo expediente incorporando ao novo toda a documentación existente ó respecto.

Con data 25/07/2015 o Secretario Municipal emite informe no que propón declarar suficientemente acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño chamado "do Cunchal", situado no barrio O Piñeiro, Moaña. Con data 30/07/2015, o Pleno da Corporación adoptou dito acordo. Con data 29/09/2015 dona Isabel Currás Durán, presenta recurso potestativo de reposición contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación.

Con data 23/10/2015, o Secretario da Corporación emite novo informe sobre dito recurso. Visto o novo informe, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Tendo en conta a valoración das probas que constan no expediente, procede rexeitar o recurso potestativo de reposición presentado por dona Isabel Currás Durán, de data 29/09/2015, e confirmar

o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 30/07/2015, e declarar suficientemente acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño chamado “do Cunchal”, situado no barrio O Piñeiro, Moaña. Deberá taxarse o camiño e incluílo no inventario de bens, inscribindo dito ben no Rexistro da Propiedade mediante certificación administrativa do Secretario en virtude do previsto no artigo 206 da Lei Hipotecaria.

2.- Deberá notificarse o acordo adoptado aos particulares afectados e ao xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Pontevedra. »

➤ Don Antonio Sánchez indica que espera que se repoña o uso do camiño.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda:

1.- Tendo en conta a valoración das probas que constan no expediente, procede rexeitar o recurso potestativo de reposición presentado por dona Isabel Currás Durán, da data 29/09/2015, e confirmar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación da data 30/07/2015, e declarar suficientemente acreditada a posesión administrativa ou uso público do camiño chamado “do Cunchal”, situado no barrio O Piñeiro, Moaña. Deberá taxarse o camiño e incluílo no inventario de bens, inscribindo o dito ben no Rexistro da Propiedade mediante certificación administrativa do secretario en virtude do previsto no artigo 206 da Lei hipotecaria.

2.- Deberá notificarse o acordo adoptado aos particulares afectados e ao xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Pontevedra.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 21/15, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

A Sra. alcaldesa informa que o asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión de Facenda, Persoal, Ensino e Participación, da data 26/10/2015.

A Sra. alcaldesa dá lectura a súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 21/2015

Tendo en conta que nesta data o orzamento en vigor é o orzamento xeral para o ano 2015, prorrogado do ano 2011, en aplicación do disposto no artigo 169.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 21 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título IV da Lei reguladora das Facendas Locais .

As Administracións Públicas teñen que calcular e publicar, en aplicación do principio de transparencia, o seu período medio de pago, coa finalidade de que os cidadáns e os seus provedores coñezan si cada entidade cumpre ou supera o prazo máximo no pago das súas facturas previsto na normativa sobre morosidade. As Entidades Locais que non paguen ás súas provedores no prazo máximo establecido deberán informar dos recursos que van dedicar mensualmente ao pago a provedores e adoptar as medidas necesarias de gasto, ingreso ou xestión de cobros e pagos para reducir o seu PMP. En caso de continuar incumprindo, o Estado farase cargo das facturas reténdose do sistema de financiamento á administración territorial afectada.

Cada Administración debía publicar antes do pasado 31 de xaneiro de 2014 o seu período medio de pago a provedores referente ao mes de setembro, todo iso nos termos previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, no Real Decreto 635/2014 sobre a nova metodoloxía de cálculo do PMP, e na Orde HAP 2105/ 2012 que desenvolve as obrigacións de fornezo de información.

Cando o período medio de pago dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto en dita normativa, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesoureira, medidas que lle permitan xerar a tesoureira necesaria para a redución da

súa período medio de pago a provedores. O incumprimento do PMP durante dous meses consecutivos conlevará que a Administración que teña atribuída a súa tutela financeira poida establecer medidas para que o que reduza, podendo desembocar, de non corrixir devandito PMP, nunha retención dos recursos derivados da participación en tributos do Estado e implicar o acceso obrigatorio desa Entidade Local aos mecanismos adicionais de financiamento previstos polo Ministerio de facenda e Administracións Públicas

Visto o anterior e ante a existencia de facturas pendentes de recoñecemento aos contratistas, é convinte a modificación de créditos do Orzamento da Corporación baixo a modalidade de Transferencias de Crédito.

Visto que segundo se indica nas bases de execución do orzamento para o 2015, prorrogado do ano 2011, e no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente de modificación de crédito nas modalidades de transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto será incoado polo Alcalde e deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación.

Visto o informe de Intervención de data 22 de outubro de 2015, así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos 21/2015 coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto grupo de función núm. 1/2015, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplic. Orzamentaria	Denominación	Importe
1320 22103	Seguridade-Policía Local - combustibles	984,73 €
1350 22103	Protección Civil - combustibles	273,47 €
1360 22104	Servizo Extinción incendios – vestiario	464,28 €
1531 21000	Acceso núcleos poboación – arranxo de camiños	13.142,36 €
1531 21300	Acceso núcleos poboación – reparación instalacións	4.339,06 €
1531 21400	Acceso núcleos poboación – reparación vehículos	8.139,91 €
1531 22103	Acceso núcleos poboación – combustibles	1.551,62 €
1531 61110	Acceso núcleos poboación – mellora camiños públicos	11.858,00 €
1623 22700	Tratamento de Residuos – recollida de residuos	51.850,54 €
1650 22100	Alumeados Públicos – enerxía eléctrica	1.813,92 €
1650 22107	Alumeados Públicos – material eléctrico	104,58 €
2310 22703	Servizos Sociais – Asistencia domiciliaria	5.244,53 €
2310 22713	Servizos Sociais – Asistencia domic. Dependencia	22.827,17 €
2311 62200	Ludoteca – Inversións en instalacións	435,60 €
3110 22100	Salubridade Pública – enerxía eléctrica	356,70 €
3110 22701	Salubridade Pública – recollida de animais	90,51 €
3120 22100	Centros de saúde – enerxía eléctrica	6.685,08 €
3120 22103	Centros de saúde – combustibles	712,00 €

3120 22110	Centros de saúde – produtos de limpeza	430,11 €
3230 21200	Educación – Colexios – conservación e reparación	4.210,80 €
3230 21301	Educación – Colexios – reparación maquinaria	1.197,90 €
3261 21200	Escola de Música – reparacións e conservación	114,22 €
3230 22100	Educación – Colexios – enerxía eléctrica	13.669,57 €
3230 22103	Educación – Colexios – combustibles	868,29 €
3230 22110	Educación – Colexios – produtos de limpeza	4.014,03 €
3230 22200	Educación – Colexios – teléfonos	121,83 €
3261 22100	Escola de Música – enerxía eléctrica	508,60 €
3261 22200	Escola de Música – teléfonos	500,00 €
3230 62200	Educación – Colexios – inversións en colexios	6.878,85 €
3321 21301	Bibliotecas Públicas – mantemento maquinaria	856,68 €
3371 63200	Clubs Xubilados – Reformas clubs xubilados	926,17 €
3420 62200	Instalacións deportivas – Inversións en edificios	1.137,40 €
	Sumas	165.808,51 €

Baixas en aplicacións de gastos

Aplic. Orzamentaria	Denominación	Importe
9430 41000	Transferencias Patronato Municipal Beiramar	165.808,51 €
	Sumas	165.808,51 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Moaña 22 de outubro de 2015. A ALCALDESA-PRESIDENTA

➤ Don Jose Manuel Juncal apunta que o PP está a favor de que cobren todos os provedores. Se non cobran é unha falta grave da Tesourería e poría ás empresas en risco. Pero falta transparencia. Non nos din cales son as facturas tan urxentes. O Goberno non é tan transparente. Non apoian este punto, non houbo comisións sobre isto e non están de acordo coa partida. Hai resolucións das que a Sra. alcaldesa non quere dar conta.

➤ A Sra. alcaldesa intervéñ demandando ao Sr. Juncal que retire o último que dixo.

➤ Don José Manuel Juncal indica que “non”. O informe de Intervención é favorable pero advirte que se hai logo insuficiencia de crédito non se pode suplementar. Seguro que hai outras partidas pero non lle interesan. O Goberno ten o problema de tres soldos que restan medio millón de euros. Levan cinco meses e están traballando con presuposto prorrogado. O goberno anterior non eran tontos e non tiveron colaboración. Tras cinco meses gobernando con orzamentos prorrogados, o Goberno non dá presentado orzamentos, segue cos prorrogados. Os ingresos son contados e non cadran, polos tres salarios do Goberno. Non apoian esta modificación de crédito, non coñecen as facturas, nin as baixas do Padroado. O seguinte é liquidar o Padroado.

- Don Aldán Santamarina xustifica a modificación de crédito pola nefasta xestión económica do anterior goberno. Levan 165.808,51 euros en facturas que non se puideron recoñecer, son gastos que o Concello non tiña que ter feito. Hai tres temas gravísimos do anterior equipo de Goberno. Traballamos cuns orzamentos de 2011 prorrogados que non encaixan no 2015. Máis os gastos de SOGAMA, hai moito incremento, novos servizos para persoas dependentes etc. Hai unha grave eiva da xestión económica do anterior Goberno por non ter presuposto. Polo anterior Goberno houbo falta de control de gasto. O que superaba 1.000 euros non autorizaba nin dispoñían o gasto, por exemplo o gasto de fontaneiro, máis de 14.000 euros entraron no Concello. Hai outro paquete de facturas que son gastos que se mandaron directamente.
- A Sra. alcaldesa pídelle ao Sr. Fervenza respecto.
- O Sr. Fervenza respóndelle que a falta de respecto é dela por non contestar.
- Don Aldán Santamarina pídelle ao Sr. Fervenza que escoite.
- O Sr. Fervenza indica se se refire ao 300.000 euros que había no caixón cando cheguei á Alcaldía.
- Don Aldán Santamarina pídelle que escoite a explicación. O orzamento é do ano 2011 e subiran os prezos e non chega o orzamento. Hai gastos non controlados. O máis grave foi que non puideron ser ordenadas as facturas pola Alcaldía en época electoral, suman en camiños 20.900 euros ordenados pola Alcaldía sabendo que non había crédito e ordenan obras en marzo, abril e maio, en época preelectoral. Neste equipo de goberno todo gasto de máis de 1.000 euros se levará á Xunta de Goberno. Son moi graves estas obras preelectorais e non se poden meter no orzamento.
- Don Salvador Meira aclara o porqué da partida e dille ao Sr. Gallego que o Padroado non vai desaparecer. Porá todos os valores que tiña antes do seu goberno. A xestión do Padroado foi limpa, con 30 cursos, programas de cooperación e 2 obradoiros. A xestión do anterior goberno do PP é de 15 cursos e 3 obradoiros. De seguir a liña que deixa o anterior goberno, o Padroado desaparecería.
- Dona Raquel Carro apunta que nós puxemos o ascensor para potenciar o Padroado.
- Don Salvador Meira indica que a achega municipal do anterior goberno bipartito foi de 494.000 euros para 30 cursos e dous obradoiros. O PP fixo 15 cursos e 3 obradoiros por un valor de 670.000 euros. Hai diferenza de xestión. Fuches pouco, Rosa, polo Padroado, e hai datos que se che escapan. Recibimos unha herdanza con 2 obradoiros en marcha sobre 100.000 euros cun presuposto prorrogado 295.000 euros e xestionando 4 cursos e 2 obradoiros. Dille ao Sr. Juncal Gallego que este goberno non renuncia á promoción de emprego e no 2016 o Padroado será un motor de emprego e promotor de accións formativas.
- O Sr. José Manuel Juncal di que a ignorancia é moi atrevida. Esta modificación de crédito xustifica a nefasta xestión do Goberno. Atopamos 20 millóns de euros de débeda, débeda á Mancomunidade, Fenosa... non había quen lle vendese ao Concello. Vostede cita os orzamentos do 2011, tiñamos minoría en 4 anos, e engade "tontos non éramos". Subiron o gasto porque subiu. Quen se cre que o fontaneiro o facía por propia iniciativa. Pero o importante é o colexio e os cidadáns, non os políticos. O Concello pode asumir iso. Primeiro hai que darlle cobertura ás familias.
- Dona Rosa Solla indica que imos por diferentes comisións, e pregunta se agora non hai anexo 2. Todas as do anexo 2 teñen partida? Pide que contesten a estas preguntas concretas.
- Dona Marta Freire apunta que había eleccións.
- Dona Rosa Solla: Nós asignamos partidas aos gastos. Puxemos o ascensor para homologar cursos. Así se poderán facer novos cursos e tamén se adaptaron e acondicionaron os baños. Sen esas obras, o Padroado non tería nada. Había que homologar, e non dicía antes tanto e agora menos. Había que homologar.

- Don Aldán Santamarina: Un dato claro é que non hai orzamentos dende o ano 2011 e iso é unha nefasta xestión económica, subiron os prezos do combustible, non é culpa do PP, pero deberían traer os orzamentos para aprobalos, non trouxeron nin o borrador dos orzamentos. E por iso necesitamos o expediente. Houbo gasto descontrolado e iso é unha irresponsabilidade. Nas comisións de Facenda, o anexo II si se incluía e explico que ese anexo veña a 0 pero non o facemos en época electoral. Incluso o muro da igrexa de Meira non ten cesións.
- Don José Manuel Juncal indica que Levan 36 anos de democracia. O PP gobernou 8 anos, 4 máis 4, fronte a 28 que gobernaran vostedes e sempre foi de prestado e o PP non pode ser responsable da xestión económica, nós intentamos endereitalos. Fervenza falou de 300.000 euros no caixón, vostedes provocan o descadre económico. Que nefasta xestión é a de vostedes, de abandono da xestión económica. Un comerciante de Moaña dicía que tiña facturas pendentes e non lle vai vender ao Concello. O problema son os 3 soldos e non lle cadran as contas.
- Don Aldán Santamarina indica que no terceiro trimestre baixou trinta días o período medio de pagos a provedores. Nos en agosto pagamos facturas do 2011 e pagamos por orde cronolóxica. Tamén de 2013 e 2014. Intentamos reducir o período medio de pago a provedores. En catro anos vostedes non fixeron orzamento e primeiro teñen que coñecer os ingresos e logo os gastos. Necesitamos coñecer ingresos doutras administracións. Pero en decembro traeremos unha proposta.
- Don José Manuel Juncal indica que baixou o período medio de pago, entón non éramos tan malos. Vostede pretende coñecer con exactitude os ingresos do ano que vén.
- Don Francisco Javier Carro indica que no último Pleno cada vez que se fala de presuposto entramos no mesmo debate. Este Concello necesita unha auditoría externa. Hai que partir de 0 e saber a débeda. Necesitamos unha auditoría externa. Uns orzamentos serios e transparentes. E pide empezar dende 0 coa auditoría.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por dez votos a favor, os do BNG, PS de G-PSOE e XM, dun total de dezasete membros que compoñen a Corporación, e sete en contra, os do PP, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos 21/2015 coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto grupo de función núm. 1/2015, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplic. Orzamentaria	Denominación	Importe
1320 22103	Seguridade-Policía Local - combustibles	984,73 €
1350 22103	Protección Civil - combustibles	273,47 €
1360 22104	Servizo Extinción incendios – vestuario	464,28 €
1531 21000	Acceso núcleos poboación – arranxo de camiños	13.142,36 €
1531 21300	Acceso núcleos poboación – reparación instalacións	4.339,06 €
1531 21400	Acceso núcleos poboación – reparación vehículos	8.139,91 €
1531 22103	Acceso núcleos poboación – combustibles	1.551,62 €
1531 61110	Acceso núcleos poboación – mellora camiños públicos	11.858,00 €
1623 22700	Tratamento de residuos – recollida de residuos	51.850,54 €
1650 22100	Iluminación pública – enerxía eléctrica	1.813,92 €
1650 22107	Iluminación pública – material eléctrico	104,58 €

2310 22703	Servizos Sociais – Asistencia domiciliaria	5.244,53 €
2310 22713	Servizos Sociais – Asistencia domic. dependencia	22.827,17 €
2311 62200	Ludoteca – Investimentos en instalacións	435,60 €
3110 22100	Salubridade pública – enerxía eléctrica	356,70 €
3110 22701	Salubridade pública – recollida de animais	90,51 €
3120 22100	Centros de saúde – enerxía eléctrica	6.685,08 €
3120 22103	Centros de saúde – combustibles	712,00 €
3120 22110	Centros de saúde – produtos de limpeza	430,11 €
3230 21200	Educación – colexios – conservación e reparación	4.210,80 €
3230 21301	Educación – colexios – reparación maquinaria	1.197,90 €
3261 21200	Escola de Música – reparacións e conservación	114,22 €
3230 22100	Educación – colexios – enerxía eléctrica	13.669,57 €
3230 22103	Educación – colexios – combustibles	868,29 €
3230 22110	Educación – colexios – produtos de limpeza	4.014,03 €
3230 22200	Educación – colexios – teléfonos	121,83 €
3261 22100	Escola de Música – enerxía eléctrica	508,60 €
3261 22200	Escola de Música – teléfonos	500,00 €
3230 62200	Educación – colexios – investimentos en colexios	6.878,85 €
3321 21301	Bibliotecas públicas – mantemento maquinaria	856,68 €
3371 63200	Clubs xubilados – Reformas clubs xubilados	926,17 €
3420 62200	Instalacións deportivas – Investimentos en edificios	1.137,40 €
	Sumas	165.808,51 €

Baixas en aplicacións de gastos

Aplic. Orzamentaria	Denominación	Importe
9430 41000	Transferencias Patronato Municipal Beiramar	165.808,51 €
	Sumas	165.808,51 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados e as interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

7º- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

A Sra. alcaldesa dá lectura a súa proposta que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA ASEMBLEA DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

O 24 de maio entrou en vigor a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Segundo a Disposición adicional primeira cada concello, no prazo de trinta días desde a entrada en vigor desta lei, debe convocar a sesión ou as sesións extraordinarias do pleno para designar os seus representantes á asemblea metropolitana que non sexan membros natos dela.

Á vista do artigo 5 da citada lei, do que se extrae que a este Concello de Moaña, atendendo a súa poboación, corresponden tres representantes:

“Composición da asemblea metropolitana.

2. O número de representantes designados por cada concello respectará a seguinte proporción:

c) Municipios con poboación entre 15.001 e 20.000 habitantes: **3 representantes.**”

En consonancia co procedemento de reparto de representantes municipais previstos no **artigo 6 e Disposición Transitoria 2ª** da Lei:

“Elección das concelleiras e dos concelleiros metropolitanos.

1. **As persoas titulares das alcaldías serán membros natos da asemblea metropolitana e poderán delegar a súa representación nunha concelleira ou nun concelleiro da súa corporación. Esta delegación deberá ser xenérica e por tempo indefinido.**
2. **O resto de concelleiras ou concelleiros metropolitanos que non sexan membros natos son designados polo pleno do concello de cada municipio de entre as súas concelleiras ou concelleiros.**
4. **O procedemento de designación das concelleiras ou dos concelleiros metropolitanos de cada concello efectuarase de acordo coas seguintes normas.**

b) *Nos concellos aos que lles corresponda designar varias concelleiras ou concelleiros, estes estarán representados pola persoa titular da alcaldía e polos membros da corporación que cada concello designe, conforme a proposta previa de cada grupo político con representación política e segundo as regras que se especifiquen no regulamento orgánico metropolitano, e supletoriamente conforme o sistema de cálculo que recolle a disposición transitoria segunda.*”

“**Disposición transitoria segunda.** Procedemento de designación das concelleiras ou dos concelleiros metropolitanos do artigo 6.4.b).

Ata que o regulamento orgánico estableza outro sistema de designación das concelleiras ou dos concelleiros metropolitanos, e, en todo caso, para a constitución da primeira asemblea metropolitana, o procedemento de designación dos representantes do artigo 6.4.b) terá carácter regrado para cada concello e levarase a cabo polo sistema D'Hont segundo as seguintes regras:

- a) **Ordénanse de maior a menor nunha columna as cifras de concelleiras ou concelleiros que cada candidatura acadase no concello nas eleccións municipais.**
- b) **Divídese o número de concelleiras ou concelleiros obtidos por cada candidatura entre 1, 2, 3, etcétera, ata o número de representantes que lle corresponden a ese concello segundo o artigo 5.2. As concelleiras ou os concelleiros metropolitanos atribúenselles ás candidaturas que obteñan cocientes maiores, atendendo a unha orde descendente. No caso de empate no cociente na derradeira concelleira ou no derradeiro concelleiro metropolitano, este corresponderalle a aquela candidatura que obtivese maior número de votos.**
- c) **Cando a persoa titular da alcaldía ou membro nato pertenza a un grupo municipal con representación segundo a letra anterior, este será un dos concelleiros ou das concelleiras que lle correspondan ao seu grupo. Se a alcaldesa ou o alcalde ou membro nato non pertence a un grupo municipal con representación segundo a letra anterior, este será un dos concelleiros ou das concelleiras metropolitanos que lle corresponden ao concello, e o resto distribuirase segundo o sistema disposto na letra anterior.**”

Posto que, de acordo co sinalado, cómpre designar os representantes municipais na Área Metropolitana de Vigo de conformidade ca representatividade por grupos municipais dimanantes dos artigos expostos da citada Lei, cursouse solicitude aos grupos municipais con dereito a representación de proposta de nomeamento dos seus representantes no citado organismo.

Remitidas as propostas polos grupos municipais, neste caso, PP e BNG, conforme ao artigo 22.2, letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Nomear como representantes do Concello de Moaña na Asemblea da Área Metropolitana de Vigo, ademais da alcaldesa, como membro nato, aos seguintes concelleiros:

Don Jorge Santomé Gestido polo Grupo Municipal do PP
Don Odilo Barreiro Martínez polo Grupo Municipal do BNG.

2.- Remitir o presente acordo á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.»

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda:

1.- Nomear como representantes do Concello de Moaña na Asemblea da Área Metropolitana de Vigo, ademais da alcaldesa, como membro nato, aos seguintes concelleiros:

Don Jorge Santomé Gestido polo Grupo Municipal do PP
Don Odilo Barreiro Martínez polo Grupo Municipal do BNG.

2.- Remitir o presente acordo á Xunta de Galicia, para os efectos oportunos.

8º.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE PROPOSTA AO TSXG PARA DESIGNACIÓN DO XUIZ DE PAZ DE MOAÑA

A Sra. alcaldesa informa que tras recibirse o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e realizar a convocatoria pública no Boletín Oficial da Provincia, presentáronse un total de sete candidatos para ser propostos como xuíz de paz titular do Concello de Moaña. Os candidatos que presentaron a súa solicitude e documentación son:

NUM.REX.	DATA	APELIDOS E NOME	DNI
5432	06/08/2015	PEDREÑO NIETO, Enrique	22871913T
5639	14/08/2015	GARCIA PIÑEIRO, Jacinto	76833990Y
5699	18/08/2015	VIAÑO NOGUEIRA, Pedro	39452944D
5711	19/08/2015	LAGO MARIÑO, Jose Manuel Julio	35926466Y
5724	19/08/2015	MARTINEZ BARREIRO, Jesús	78738014K
5749	19/08/2015	FERNANDEZ PESTONIT, Mariña	79335983J
5833	24/08/2015	CALO VILA, Francisco Javier	52457113R

➤ Don José Manuel Juncal indica que este é un tema que xa pasou nunha Corporación anterior, cando rematou como xuíz o Sr. Villaverde. Lamenta que o Goberno municipal non intentasen chegar a un consenso. É un nomeamento dun representante público ao servizo da cidadanía e está por encima dun carácter político. Debería haber un consenso. Pide que se retire e que decida o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

➤ Dona Marta Freire indica que o expediente estivo a disposición de todos dende fai máis dun mes e vostedes non propuxeron ningún consenso. É a primeira noticia que temos dun consenso e non hai prazo para retirar este punto. Que cada grupo valore os candidatos.

➤ Don José Manuel Juncal indica que valoramos igual a todos. Consideran que deberían residir en Moaña debido aos asuntos que vai tratar. O grupo do PP non vai a entrar na votación deste asunto.

A Sra. alcaldesa informa da posibilidade de realizar unha votación secreta. Os membros móstranse de acordo. Para iso preparamos unha urna e fixéronse unhas papeletas cos nomes de todos os candidatos. A continuación, realízase un repartimento das ditas papeletas e o secretario procede ao chamamento nominal de cada uns dos concelleiros, que foron depositando o seu voto. Non participan na votación nin expresan o seu sentido do voto os concelleiros do PP. Feito o reconto dos votos depositados na urna, o resultado é o seguinte: Don Jacinto García Piñeiro= dez votos.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por dez votos a favor, os do BNG, PS de G-PSOE e XM, dun total de dezasete membros que compoñen a Corporación, e polo tanto pola maioría absoluta dos seus membros, e coa non participación na votación dos concelleiros do PP, acorda:

PRIMEIRO. Propoñer a Don Jacinto García Piñeiro, con DNI Nº 76833990Y, e domicilio en Reibón (Moaña), licenciado en xeografía e historia, de profesión profesor de educación secundaria, para que sexa nomeado xuíz de paz titular do Concello de Moaña.

SEGUNDO. Que se lle traslade este acordo ao xuíz de primeira instancia e instrución de Cangas que o remitirá á sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o previsto nos artigos 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

9º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA FEMINISTA DE GALICIA SOBRE O 7N “MARCHA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS”

Unha veciña asistente pide apoio para a marcha que terá lugar en Madrid o 7 de novembro e agradece a inclusión desta moción presentada no rexistro do Concello na data 20/10/2015, dando lectura a esta:

«PROPOSTA DE MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 7 DE NOVIEMBRE 2015

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestamos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciantes, ou de vivenda, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só podarán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por iso, este Concello ACORDA:

Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema «Contra as Violencias Machistas» e promover a participación cidadá na Marcha

- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade,

protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade contra a violencia de xénero.

- Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
- A erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- Atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.
- A participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

Movemento Feminista, Setembro de 2015»

Prodúcense aplausos tras a lectura da moción.

➤ Don Francisco Javier Carro indica que votará a favor da proposta e pide romper unha lanza a favor de que se faga mención sobre a Lei de violencia de xénero. Os homes e mulleres debemos ir sempre collidos da man. Engade que vive con cinco mulleres na casa.

➤ Don Odilo Barreiro sinala que dende o BNG apoian a moción e agradece as achegas antes do Pleno polas competencias exclusivas da Xunta de Galicia. Hai feminicidio, unha das maiores lacras. Non somos unha sociedade avanzada porque se incrementa o número de feminicidios, e se non os reducimos e porque temos un cancro nesta sociedade.

➤ Dona Marte Freire indica que é integrante da plataforma e apoia a loita contra a violencia machista, que son asasinatos, é alarmante. A clase política e a sociedade debe consideralo unha cuestión de Estado e non recortar nas políticas de cara á muller. Todos temos que ir unidos no mesmo camiño. Non se pode consentir que espaxen con ácido e a xustiza diga que non tiñan intención de matar.

➤ Dona María Estela Santomé indica que debemos traballar xuntos sociedade e políticos. Hai que adoptar medidas dende a infancia para incentivar os nosos nenos e acabar con esta lacra.

➤ A veciña que deu lectura á moción agradece o apoio neste tema. Grazas. Prodúcense aplausos.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda:

Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta co lema «Contra as Violencias Machistas» e promover a participación cidadá na Marcha, así como naquelas iniciativas contra a violencia machista do feminismo na localidade e no ámbito galego.

- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade contra a violencia de xénero.

- Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
- A erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- Atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.
- A participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da Administración local.

Instar a Xunta, entidade con competencias directas na materia, a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Instar a Xunta a iniciar os traballos para modificar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incluír o termo Femicidio así como as consideracións necesarias ao respecto.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL COALICIÓN INDEPENDENTE MOAÑA XM SOBRE “DESAFECTACIÓN DO USO EDUCATIVO DOS LOCAIS UTILIZADOS COMO VIVENDAS NO SEGUINTE CENTRO ESCOLAR: CEIP DE REIBÓN”

Don Francisco Javier Carro dá lectura a moción da Coalición Independente por Moaña (XM) presentada no rexistro do Concello coa data 16/10/2015, número rexistro 6970, que literalmente di:

«Desafectación do uso educativo dos locais utilizados coma vivendas no seguinte Centro Escolare: CEIP DE REIBON

D. Javier Carro Pineiro, voceiro do Grupo Municipal Coalición Independente Moaña XM, presentan para o seu debate en Pleno a seguinte PROPOSTA-MOCIÓN:

O inicio do expediente de desafección a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, có obxecto de que, soliciten os informes e trámites procedimentais que sexan precisos acorde a desafectación do uso educativo dos locais utilizados coma vivendas nos seguinte Centro Escolar: CEIP DE REIBON

Considerando que existen unha serie de necesidades do Concello de carácter social, ademais de diversas solicitudes de distintos colectivos culturais e veciñais, que solicitan o uso de locais municipais.

Considerando que a intención do grupo de goberno municipal do Concello é manter o carácter de dominio público municipal dos inmobles, mudando sé o uso ao que se destinan, previa desafectación do seu uso educativo como vivendas de mestras/es. Unha vez desafectada, haberá a posibilidade preferencial que a/o mestra/e continúe de alugar. A cantidade a pagar dependerá dos ingresos da unidade familiar.

É polo que presentamos para o seu debate en Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Solicitar a costas a desafectación dos terreos das vivendas de Reibón, previa autorización da Conselleira de Educación.
2. Iniciar o expediente de modificación do uso das vivendas ante o órgano competente unha vez sexan desocupadas, e non haxa demanda, priorizando o seu uso social.»

- Don Francisco Javier Carro: na proposta houbo unha modificación. Unha parte das vivendas está afectada e pide desafectación dun grupo de vivendas e o resto quedarían para poder utilizalas. A partir de 1999 pódense utilizar para outros usos, para as desocupadas ou mal utilizadas. Agora hai algunha. A Consellería non lle pode dar a vivenda a alguén que non a ocupa cando viven en pisos. Queremos que as persoas as deixen ou vivan nelas. Non é desafiuzamento. As vivendas son de 1970, en ditadura, e temos que cambiar a mentalidade. Nós queremos pasalas a vivendas sociais, para cando se produza un incendio non mandar unha familia a un hostel. Moitas veces non pensamos que a desgraza pódenos vir a calquera. Pode quedar alguén parapléxico, e para esa persoa, mentres non adapten a súa vivenda, xa están adaptadas estas vivendas para casos de urxencia. Criticóuseme por persoas que non me coñecen. Gustaríame que fose aprobada a moción por unanimidade. É unha proposta para necesidades urxentes se hai desgrazas.
- Dona Marta Freire: matiza que no argumentario hai discrepancias, o acordo fala de desafectación de Costas, xa hai acordo de 2008 para solicitar a desafectación. O uso social das vivendas será cando estean baleiras, é dicir, desocupadas, priorizando o uso social.
- A Sra. alcaldesa: matizo que modificou a moción o Sr. Carro e dá lectura aos dous puntos, como quedan agora.
- Don Odilo Barreiro: Vótase só o acordo, non a fundamentación. Entón que hai que solicitar a desafectación de Costas. E cando non haxa uso por mestres.
- Intervén un veciño: Non lle queda claro. Hai dúas vivendas desocupadas, pero hai lista de espera. Se non hai demanda faise cargo delas o Concello. O que teñen en Moaña son unha xoia e todas as reparacións fanas os usuarios. Quere que sexa cando estean desocupadas, cando non haxa demanda.
- Sr. Francisco Javier Carro: Non fala de marcha atrás. Pode haber vivendas ocupadas por mestres. E o Concello necesita vivendas sociais. A época de Franco rematou, se as persoas se basean en leis anteriores, os privilexios hai que rematalos. Houbo xente que pagou todas as reformas. Nalgún caso hai nunha vivenda dous mestres con capacidade económica dabondo, e nós temos necesidades sociais. Son propiedade do Concello e debe derrogarse a Lei, e debe decidir o Concello. Os privilexios deben rematar cando as teña o Concello.
- Dona Marta Freire: Unha vez que Costas desafecte, solicítase a rescisión e ás vivendas non ocupadas desafectaríanselles o uso.
- Don José Manuel Juncal: Nós, o PP, nas comisións das hipotecas, dirixímonos á Xunta de Galicia para contar con esas vivendas. Están de acordo tal e como se presenta a moción.
- A Sra. alcaldesa indica un receso de cinco minutos.
- Transcorridos, continúa a sesión.
- Dona Marta Freire: O BNG e o PSOE introducimos un punto que diga: “e non haxa demanda”.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda:

- 1. Solicitar a Costas a desafectación dos terreos das vivendas de Reibón, tras a autorización da Consellería de Educación.**
- 2. Iniciar o expediente de modificación do uso das vivendas ante o órgano competente unha vez sexan desocupadas, e non haxa demanda, priorizando o seu uso social.**

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL COALICIÓN INDEPENDENTE MOAÑA XM SOBRE CREACIÓN DUN CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS

Don Francisco Javier Carro dá lectura á moción da Coalición Independente por Moaña (XN) presentada no rexistro do Concello con data 16/10/2015, número rexistro 6971, que literalmente di:

«Creación dun concurso de proxectos empresariais

D. Javier Carro Piñeiro, voceiro do Grupo Municipal Coalición Independente Moaña XM, presentan para o seu debate en Pleno a seguinte PROPOSTA-MOCIÓN:

Ante a escaseza de emprego é preciso poñer en marcha iniciativas que fomenten a creación e o establecemento de empresas no noso municipio.

A tal fin propoñemos a creación dun concurso de proxectos empresariais, que teña como finalidade apoiar e difundir iniciativas emprendedoras e que supoñan a posta en marcha de empresas que proporcionen postos de traballo aos desempregados de Moaña.

- O concello premiaría aos gañadores con exencións e bonificacións fiscais.
- Premios en especie, como a cesión de chan municipal, cesión de locais no viveiro de empresas municipal, asesoramento fiscal, laboral e contable, pagina web, etc. aos proxectos premiados.

Difusión dos premiados en medios de comunicación.

- Acordos con entidades bancarias para facilitar o crédito.

Distincións ou diplomas á excelencia empresarial, á innovación, ao respecto ao medio ambiente, etc?

Por elo propoñemos a este Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Que se aprobe a instauración deste concurso como medida municipal de fomento ao emprego e ao autoemprego, así como de promoción do municipio de Moaña.

Que se inicien as actuacións pertinentes para a organización da primeira edición do concurso de proxectos empresariais de Moaña, coa denominación que se acorde por consenso.»

➤ Don Francisco Javier Carro indica que hai que facer produtivos todo o ano os locais do Padroado. Remitirille a Xunta de Galicia para que financien os emprendedores e fomentar o emprego.

➤ Don Odilo Barreiro sinala que apoia a moción, pero só se se votan os dous puntos últimos. Habería que buscar un órgano de consenso. Só son asumibles dous puntos do acordo e o BNG está a favor.

➤ Dona Marta Freire indica que o tiña o PS de G-PSOE no seu programa, e ofrece propoñer o nome. Está de acordo en que o órgano é o Padroado Beiramar. Nos próximos meses pódese pór en marcha de cara ao próximo ano. Mostra o seu apoio.

➤ Don José Manuel Juncal indica que apoia a iniciativa. Polo PP engadirían un punto máis, propón un terceiro punto, que nos orzamentos do 2016 se fagan as previsións.

➤ Dona Marta Freire indica que na próxima Xunta do Padroado se debata e se inclúa nos orzamentos do Padroado.

➤ Don Francisco Javier Carro indicaa que queda así. E que o Secretario tome nota e se inclúa “o compromiso no 2016 no orzamento do Padroado. “

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda:

Que se aprobe a instauración deste concurso como medida municipal de fomento ao emprego e ao autoemprego, así como de promoción do municipio de Moaña.

Que se inicien as actuacións pertinentes para a organización da primeira edición do concurso de proxectos empresariais de Moaña coa denominación que se acorde por consenso.

Compromiso no ano 2016 de incluílo no orzamento do Padroado.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A OMIC

Dona María Estela Santomé dá lectura á moción do Partido Popular (PP) presentada no rexistro do Concello con data 23/10/2015, número rexistro 7187, que literalmente di:

«MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A OMIC

A Oficina Municipal de Información ó Consumidor (OMIC) é un servizo público municipal de atención ás persoas consumidoras do Concello, son organismos de consumo dependentes dos Concellos que teñen como funcións principais a información, orientación e axuda aos consumidores e usuarios en materia de consumo no ámbito local e resolver pola vía amistosa e de forma voluntaria os conflitos que poidan xurdir entre os empresarios e consumidores.

As Oficinas Municipais de Información ó Consumidor están dirixidas por funcionarios públicos expertos en materia de consumo que protexen aos consumidores e usuarios do seu municipio de diversas maneiras:

- *Ofrecen información, axuda e orientación aos consumidores.*
- *Tramitan as reclamacións que lles presentamos directamente os consumidores ou as asociacións de consumidores.*
- *Fomentan a educación e formación dos consumidores.*
- *Colaboran con outras entidades públicas e privadas, tamén dedicadas á protección dos consumidores.*
- *Remiten á Xunta Arbitral de Consumo aquelas reclamacións nas que non se alcanzou un acordo mediador.*

As OMIC tratan tódolos asuntos relacionados co ámbito do consumo, basicamente:

- *Bens (automóviles, electrodomésticos, xoguetes e roupa, por exemplo)*
- *Subministro (auga, electricidade, gas e telefonía e Internet)*
- *Servizos (seguros, transporte, comercio, viaxes, banca, talleres, etc.).*

Nestes puntos de información ó consumidor, asesórase aos veciños para que exerzan o seu dereito como usuarios finais dun subministro, un ben ou un servizo, axudando en todo momento á elaboración da reclamación pertinente e mediando para ello. Os consumidores e usuarios finais, son as persoas físicas ou xurídicas que compren ou utilicen como destinatarios finais, bens, produtos, servizos, actividades ou funcións, calquera que sexa a natureza pública ou privada, individual ou colectiva de quen os producen, facilitan, subministran ou expiden, poden acudir aos servizos dunha OMIC.

O horario que teñen ata o momento os usuarios é de mañá unicamente, polo que non é compatible cos horarios laborais da maioría de veciños do municipio.

Dende o noso grupo municipal creemos que este horario é insuficiente para poder ofrecer unha mellor atención aos usuarios e que este debe ampliarse a ter polo menos un par de días horario de tarde.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular de Moaña propón que o Pleno Municipal adopte o seguinte acordo:

1. ***Instar o goberno municipal a ampliar o horario da OMIC a dúas tardes por semana para así poder atender aos usuarios que o necesiten.»***

➤ A Sra. alcaldesa pide que se coide a linguaxe nas mocións.

- Dona Coral Ríos: o argumentario para que serve. Este servizo préstase no edificio da praza de 18.30 a 20.30 os martes e xoves. Os sábados pola mañá tamén está.
- Dona María Estela Santomé: está na praza non no Concello.
- Dona Marta Freire: a oficina atende dende o Concello e dende a praza de abastos. Esta moción restrinxe o servizo. Temos un horario amplo. Aos veciños se lles indica que o servizo préstase aquí no Concello e na praza de abastos.
- Dona María Estela Santomé: é marear ao persoal.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por sete votos a favor, os do PP, nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE e a abstención de XM, acorda rexeitar a moción presentada polo PP sobre a OMIC.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PASEO DA SEARA

Don Antonio Sánchez dá lectura á moción do Partido Popular (PP) presentada no rexistro do Concello con data 23/10/2015, número rexistro 7196, que literalmente di:

«MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O PASEO DA SEARA

Exposición de motivos:

Con data do 16 de setembro de 2014, a Axencia Galega de Infraestruturas, o Ente Público Portos de Galicia e o Concello de Moaña asinaron un convenio de colaboración para a execución da obra de continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (tramo da Seara). A través deste convenio o concello comprometeuse a, (así se establece na cláusula cuarta do citado convenio no seu apartado 2.3 a)), "...por a disposición da AXI, os terreos necesarios libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras..."

O cumprimento desta obriga por parte do concello ten que axustarse ás disposicións do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras pública sen réxime de cooperación coas corporacións locais ou outro sentes de dereito público, que establecen o seu artigo 2. a) que con carácter previo á formalización do convenio o Concello, neste caso, deberá achegar o compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permiso se autorizacións necesarios para levar a cabo as obras.

Con data 25 de setembro de 2014, o Secretario do Concello de Moaña, co visto e prace do Alcalde de Moaña, certifica a posta a disposición dos terreos necesarios de propiedade privada

Polo que se refire ás autorizacións, segundo a Cláusula Cuarta apartado 2.3b) do Convenio de colaboración suscrito é unha obriga do Concello de Moaña, obter a autorización de Costas do Estado para ocupar o dominio público e a servidume de tránsito.

O concello de Moaña, adxuntou informe favorable do Servizo de Costas de Pontevedra, referido a ocupación da servidume de tránsito.

A vista do Convenio suscrito, o concello de Moaña, manifesta así mesmo que o proxecto se axusta ao Planeamento Municipal.

Dende o punta de vista máis técnico, o proxecto contempla que a fachada afectada pola obra demolese e constrúese outra na nova aliñación con características estéticas e funcionais de carpintería de ribeira, entendéndose como unha restauración da mesma, iso si, na nova aliñación. Así mesmo e co fin de non restar funcionalidade ás dúas carpinterías de ribeira, tamén se contempla no Proxecto a remodelación das ramplas/varadoiro, adecuándoas á nova cota do paseo, de forma que se permitan

a entrada e saída de embarcacións.

Sen embargo, durante o desenvolvemento das obras houbo oposición física á ocupación de terreos ou zonas de servidume de Dominio Público Marítimo — Terrestre que ameazan a súa continuidade. Sendo o concello o responsable de facilitar os terreos e autorizacións necesarios para executar as obras, o concello non está a cumprir coas súas obrigas e corre o risco de que se perda o investimento e quede o paseo sen continuidade.

En consecuencia, fórmulase o seguinte acordo:

Ínstase ao goberno municipal a cumprir de inmediato o compromiso asumido de poñer a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas os terreos e as autorizacións necesarias para a execución da Continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (tramo da Seara), de modo que sexa posible rematar as obras e configurar un itinerario continuo e seguro para peóns.»

➤ Don Odilo Barreiro: “Menudo embolado” Sr. Sánchez, quérenlle pouco no PP. Eu non daba crédito. É unha asunción dos erros do PP; recoñecer todas as trapalladas que cometeron. Hai un ano, no Pleno de decembro do 2014 debateuse sobre a moción da Chamusca, e había terreos que non estaban expropiados. O informe de Costas non fala de que se recuperaron os terreos. Para iso o secretario no seu informe reproduciu os documentos, pero non existía dispoñibilidade dos terreos segundo o informe de Costas. Todo foi un cúmulo de irregularidades. Non cumpriron a cláusula 4ª. A cláusula 4ª di que se debería chegar ao compromiso de poñer a disposición os terreos libres de cargas e gravames. E di que o Concello, como trámite previo, antes da adxudicación ten que achegar a efectiva disposición dos terreos, primeiro presunto delito, Sres. do PP, mentiron, recoñezan esa mentira, non dispoñían dos terreos. E puxérono por escrito, o único que conseguiu o Sr. Ferverza foi un escrito de cesión temporal feito para un ególatra Sr. Ferverza, "o paseo fago eu ou nin Deus". Eran cesións temporais, durante a súa lexislatura, era para conseguir a inauguración do paseo. Dou a ler o escrito da cesión onde figuraba que permitía seis metros dende o límite marítimo-terrestre, que terá que executarse durante a súa lexislatura ou queda anulada a cesión. Non supón a cesión sen a propiedade, 2º posíbel delito.

➤ Interrompe unha veciña.

➤ A Sra. alcaldesa chámalle á orde.

➤ Don Odilo Barreiro: constan no expediente outras trapalladas. 2º presunto delito: achegar cesións temporais para facer, por outras. Outra irregularidade o que fixo o Sr. Ferverza é un informe feito a medida para intervir. Pero Costas informa e describe a situación, pero iso cítao o secretario o 10/07/14 antes de aprobar o proxecto. Dá lectura ao informe do secretario no que cita o escrito de Costas, e no que di que o dito informe carece de rexistro de entrada. E o secretario di que correspóndelle a Costas o escrito da concesión e será o Servizo de Costas o competente. Poderase aprobar o proxecto se se supedita a finalización da concesión, e o Concello sería o beneficiario. A Dirección Xeral de Costas sería a competente para recuperar a concesión. É dicir, incluír a caducidade como condición. Pero na acta non se inclúe a condición que puña o Sr. secretario. O proxecto foi rexeitado en Pleno e se tramitou pola X.G.L. para evitar o Pleno. Se agora piden que se poña a disposición os terreos é porque votedes non os puxeron a disposición. Nós reunímonos con todos, coa empresa e con Costas, e Costas é consciente de que hai terreos non expropiados, estamos intentando conseguir estes terreos tamén nas reunións coa dirección de obra da Axencia Galega, que en vez de papel técnico, fai de político. Recoñecen os terreos non cedidos. E entrevistámonos cos veciños porque eran cesións temporais, mentres estivese o Sr. Ferverza pero non están de acordo co proxecto. E asinaron todos os propietarios, a nós asináronnos a cesión, e con esas cesións fomos convocados á reunión. E nesa reunión, nesa comisión o director de obra di que hai imposibilidade, na realidade non hai cesión definitiva. Nós conseguimos as cesións. Convocouse unha reunión para a última semana de outubro. E nós comezamos a traballar nas cesións e chéganos outra convocatoria para o 13 de outubro, pero conseguimos que todos os propietarios asinasen as cesións definitivas. A dirección de obra como cargo político di que non é

dabondo e ameázanos con ter que pagar o 6% do orzamento, pero o pagará o Sr. Fervenza, non o Concello. Nós seguimos o ditado do Pleno que na sesión de decembro de 2014 aprobou a Proposta da AA.VV. A Chamusca, para rescisión de todas as concesións das carpintarías. Modifican o proxecto con pasarela de madeira pivotante con paso aos estaleiros. Iso aprobouno o Pleno, e por iso traballará este Goberno independente do director de obra "Infausto" Núñez (cargo político). Nós traballamos para que se saiba toda a verdade. Recomenda que como o proxecto non se continúe e nos ameacen con lucro cesante, verémonos na Fiscalía.

➤ Dona Marta Freire: Está claro, este Goberno puxo o 100% dos terreos a favor da Axencia, vostedes tiñan cesións temporais durante a súa lexislatura, interesábanlle outras cousas. "Menudo embolado" Sr. Antonio. E se nos condenan por esa xestión irregular do PP iremos á Fiscalía.

➤ Un veciño: Sra. alcaldesa, felicítola polo seu nomeamento, e tamén á esquerda e á dereita, PP, BNG, PSOE e XM. Sra. alcaldesa ignora que o primeiro alcalde, o doutor Blanco Varela, levou o proxecto a Madrid. Ningún gobernante de Moaña quedou exento de irregularidades urbanísticas, por exemplo, o edificio Salitre feito polo Sr. Abalo, BNG PSOE. Despois o Sr. Barreiro. Co Sr. Millán e Pastoriza advirten da deriva económica, aumentaron o IBI o 400%. A resposta foi unha gargallada do PSOE-BNG. Os afectados pola Le de costas está resolto ou en parte solucionado. Non se refire á concesión do Estado que non son vivendas. Agora queren facer un museo e ponte levadiza. Querían recoñecer unha propiedade ao Sr. Riobó e aos seus amigos do BNG. O Estado indemnizará ao concesionario. É un estaleiro no que non se fai unha chalana ao ano. Foi o Goberno do BNG-PSOE o que permitiu a Froiz un aparcamento, e aí está o atranco de tráfico e dos camións. O que queira ter almacén de madeira, "ao monte", se lle quere permitir logo.

➤ Don Antonio Sánchez: entende que hai inactividade. Hai présa para cobrar. Mirámoslo a vostedes nas inauguracións das obras, pero eran obras do anterior Goberno. Nós dámoslle 100 días, vostedes non deron nin un día. Pero hai tempo o presidente dos veciños pediu o paseo, e non o fixeron vostedes, pero o apoiaron 8.000 sinaturas de veciños. Na Xunta de Goberno houbo informe do secretario e da Deputación. Hai dous puntos que pertencen á familia dos protexidos. As carpintarías de ribeira non afectan a Sueste, e Casqueiro ten unha concesión a piques de caducar. Pide que cumpra a lei Sra. alcaldesa. Sr Odilo ten verborrea pero parálise urbanística. Non atopan o papel nin o rexistro. ¿Canta xente traballa na carpintaría?, pero non lle preocupan os cen postos da conserveira. Dúas persoas pararon o proxecto. Vostede deixará Moaña sen paseo. fará un paseo "de merda" para Moaña e dá largas a COVSA para non ter que indemnizala. Non se pode parar isto por un capricho político. Hai que pensar no benestar dos veciños.

➤ Don Francisco Javier Carro: Coincido con Odilo, excepto na acta 26/12/14 onde di que con carácter urxente o das carpintarías de ribeira. Leo a acta da reunión da sesión do día 13/10/15, autorizouse 3 metros do límite de costas e o peche da súa propiedade, peche de muro de granito e acabado con malla metálica. En xullo presentei a paralización da obra do paseo porque non acata o Pleno do 26/12/14 que se aprobou. O BNG está disposto a un proxecto consensuado e eu comparto todo. Eu defendín que os estaleiros teñen que solicitar a adscrición dos terreos ao Concello. O proxecto da Seara desde que empezou se se asignou, deberíalle caer a cara de vergoña, non serve para asignar o documento, foi un ditame a dedo, e pido que intente buscar o consenso.

➤ Don José Manuel Juncal: Non estiven na corporación anterior. Díxose "delito".

➤ A Sra. alcaldesa e don Odilo: Presunto delito.

➤ Don José Manuel Juncal: Vaia á Fiscalía. Se por vostedes non habería nin un anaco de paseo, puxeron trabas ao tramo do Sr. alcalde Pena. Ao Sr. Javier Barreiro, no Vaticano, tamén problemas. No Con tamén mil problemas pero á hora de inauguralo aí estaba o Sr. Millán. Por vostedes nin un milímetro de paseo tería Moaña. Nós queremos que teñan seguridade. E non fostes quen para que fose adiante. Tirastes abaixo o de Cándido e outro, e foi como vestedeiro de entullos. Conseguiu que fose adiante o paseo Cándido Pena, e o resto grazas ao PP.

➤ Don José Fervenza: por alusións teño dereito á palabra. Escoitei na Corporación anterior, e mirei, de todo, pero o que hoxe escoito é escaparse dun proxecto do máis importante e os grupos da oposición están en contra. É unha necesidade e tocounos facelo, e os veciños recolleron 8.000 sinaturas. O Sr. Odilo falta á verdade, e chama vostede mentireiro. Hai informes de peritos de urbanismo, do asesor do Concello, asesoramento externo na Deputación, na Xunta de Galicia, dos funcionarios deste Concello. Di vostede que eses asesores son ignorantes? Eu confío nos técnicos e asesores xurídicos da Deputación e da Xunta de Galicia. Nós fomos da man dos asesores de todos e asesorámonos de todos. Vostedes no Plenos non aprobaron o proxecto. E nos non o fixemos a “espaldas”, e os veciños querían o paseo. Un alcalde pódese equivocar. Pero pódese equivocar o asesor do Departamento de Costas da Xunta. É un discurso reseso. Vostede agora conseguirá as sinaturas de todos, eu puxen o meu grao de area, asesorado polos técnicos. Nós falamos de máis de vinte reunións coas partes e cos veciños. Eu falei casa por casa para conseguir a firma de todos. A familia do estaleiro non asinou, asinou todo o mundo, só un non asinou, a do estaleiro e un predio. Eu fun a todas as casas persoalmente e un defraudoume para arranxar o tema de Costas. Esa familia díxome que se se arranxa o de Costas collede o que queirades. Sobre a cláusula, os veciños foron os que pediron a cláusula da lexislatura. Nós queremos que o proxecto vaia adiante. Ogallá en pouco tempo estea rematado. Pedíronse varios presupostos e o máis barato foi o de Lagares, e débese sacar adiante o proxecto, pero vós non tedes ganas. Pero cóbraslles aos veciños e dis que ogallá o pare Costas ou a Xunta. Se houbo erros técnicos ou de alcalde hai que arranxalos. Creo que ese paseo se vai arranxar. Creo que é unha deslealdade. E non hai nin unha coma de erro nese proxecto. E vós rexeitáchelo no Pleno, e nós fomos á Xunta e á Deputación para aprobalo pola Xunta de Goberno. Se queredes melloralo, felicitovos e tirade para adiante co proxecto.

➤ Don Odilo Barreiro: Pódese equivocar. Hai centos de erros. Tíñao moi fácil. Se hai cesión definitiva xa está. Non hai informe xurídico se non hai cesións definitivas. Vostede fíxoo noutras obras. Non fixo as cousas ben. O informe do secretario fala da expropiación. Nó non temos interese en ninguén. O informe do secretario di que é potestade de Costas. Nós pedímoslle a Cristina Curvera, de Costas, que expropiasen eles. Di vostede que vaia a Fiscalía, e podería quedar sen os seus compañeiros. Vostede quere quedar á fronte. Ou vostede non pasea pola Xunqueira Sr. Gallego? É triste que non foran capaces de desmontar as irregularidades que non son verdade. Consta no expediente. Vostede falou Sr. Antonio Sánchez, di vostede unha mentira.

➤ Don Antonio Sánchez: Non me chame mentireiro.

➤ Don José Manuel Juncal: Non sabe vostede dirixir, é de prestado.

➤ A Sra. alcaldesa: É democracia.

➤ Dona Marta Freire: É a mesma Lei de Aznar con CIU.

➤ Don Odilo Barreiro: Sr. Carro, gustárame que vostede confirmase as miñas palabras. O Sr. Carro solicitou paralizar o paseo da Seara. Eu dixen que por responsabilidade política nós non o íamos parar, que o paren os veciños ou a Xunta.

➤ Sr. Franciso Javier Carro: Corroboro esas palabras. Pero estaba disposto a sacar do rexistro se houbo consenso.

➤ Don Odilo Barreiro: Que deixen de facer políticas partidistas e fagan políticas responsables. Traballamos con firmas, e imos seguir traballando en rematar o proxecto. E pontearemos ao Sr. “Infausto Núñez”. Nós traballamos niso. Queremos que sexa de uso e aproveitamento dos moañeses, non favorecemos a ninguén. Facemos o proxecto para todos. Lean vostedes o expediente e o informe do secretario, que di que a recepción das concesións corresponde a Costas, e a Dirección Xeral informa que debe adaptarse ás cesións definitivas que hai. Fíxose política partidista.

- Sra. alcaldesa: Tíñamos que conseguir as cesións da propiedade da familia, e están todas conseguidas.
- Don Antonio Sánchez: Por que non trae as sinaturas?
- Sra. alcaldesa: Está na Acta da Xunta.
- Don Antonio Sánchez: ¿No museo cúmprense agora os seis metros de separación?
- Don Odilo Barreiro: Deixei claro que seguín o que acordou o Pleno: recuperar as concesións de Costas e facer a pasarela.
- Don Antonio Sánchez: Van respectar os seis metros?
- Don José Manuel Juncal: Si ou non?
- Don Odilo Barreiro: Nós temos que facer o que acordou o Pleno, recobrar as concesións.
- Don Antonio Sánchez: A vostede preocúpanlles os seus protexidos. Hai nove carpintarías de ribeira. Sobra sitio para museos, e non nese sitio. Que o paseo sexa para gozo de todos.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por sete votos a favor, os do PP, dez votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE e XM, acorda rexeitar a moción presentada polo PP sobre o paseo da Seara.

14º.- MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE REXEITAMENTO AOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2016

Dona Marta Freire dá lectura á moción do PS de G-PSOE presentada no rexistro de Concello con data 23/10/2015, número de rexistro 7179, sobre o rexeitamento aos orzamento da Xunta para o ano 2016, que literalmente di:

«EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nestas últimas datas fomos coñecedores dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016 e nunha primeira valoración temos que poñer de manifesto o completo esquecemento do goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia cos compromisos adquiridos co Concello de Moaña.

O señor Feijoo volve a dar as costas aos veciños/as de Moaña ao non contemplar dentro dos orzamentos ni un só euro para as demandas que veñen sendo reiteradas no tempo polos diferentes grupos políticos e colectivos veciñais, moitas das cales colleitaron o apoio unánime deste pleno. O PP limitase a prever unha partida para a construción do primeiro tramo do desdoblamento do corredor e a inclusión do Paseo da Seara, obra a cal sofre continúas trabas na súa execución por parte da propia Xunta.

Estes orzamentos para nada contemplan a mellora das nosas infraestructuras sanitarias, non prevé inversións nos centros educativos do noso concello o que implica unha deixadez de funcións da Xunta ao pretender que unha vez máis o Concello asuma con fondos propios o que por lei lle corresponde facer á Consellería de Educación, non establece unha política de emprego que mitigue drasticamente os efectos do paro, non contempla actuacións na mellora da rede viaria autonómica, e non inclúe a construción de novas infraestructuras socioculturais.

Tendo en conta estes antecedentes e indignados polo minguneo constante da Xunta aos noañeses/as, presentamos esta moción para que tódolos grupos deste concello manifestemos

conxuntamente o noso desacordo con estes presupostos e solicitemos tanto do goberno da Xunta de Galicia, como dos grupos representados no Parlamento de Galicia que recollan estas inxedanzas no transcurso do proceso parlamentario de aprobación deste orzamento do ano 2016.

Por tódolo anteriormente exposto, propoño ao pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1) A Corporación do Concello de Moaña, mostra o seu rexeitamento aos presupostos presentados pola Xunta de Galicia para o ano 2016 por esquecer as necesidades do noso concello.

2) O pleno do Concello solicita do goberno da Xunta de Galicia a necesidade de incluír partidas orzamentarias que son de vital importancia para o noso concello:

- no ámbito sociosanitario a inclusión da partida suficiente para o inicio da construción do Centro de Saúde.

- no marco sociocultural a partida relativa ao Auditorio Municipal.

- no ámbito educativo a precisa para a execución das obras pendentes nos diferentes centros educativos do noso concello, así como a necesaria para a ampliación do IES Paralaia.

- no tocante á rede viaria a partida suficiente para a mellora da seguridade e mobilidade na PO-313 e PO-551 ao seu paso polo noso Concello, así como a precisa para a ampliación do aparcamento disuasorio de Domaio.

- no ámbito da inserción laboral a partida precisa para o desenrolo dunha política eficaz de loita contra o desemprego que permita impulsar os plans de emprego locais contemplados nos distintos acordos plenarios.

3) O Pleno da Corporación acorda trasladar estes acordos ao goberno da Xunta de Galicia e aos distintos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia.»

➤ Dona Marta Freire: esta moción é para rexeitar os orzamentos da Xunta para o próximo ano. A Xunta de Galicia esquece a Moaña nos orzamentos de 2016.

➤ Don José Manuel Juncal: se non fose 29 de outubro e o 20 de decembro non houbera eleccións e no 2016 non houbera eleccións autonómicas, non presentaban esta moción. Vostedes empéñanse en dicir que a Xunta de Galicia non fai nada. Vostedes pasaron por dous bipartitos na Xunta de Galicia e Moaña pasou sen pena nin gloria. Cando estiveron os bipartitos, ¿que fixeron? Hai partidas xenéricas, vostedes saben que si pero esquécense por electoralismo. Vostede fala de Centro de Saúde, pero ¿xa lle entregamos os terreos á Xunta de Galicia? ¿E ofrecemoslle os terreos para o auditorio en Moaña? A maqueta do proxecto aínda non apareceu. Gustaríame que tivésedes o auditorio. A maqueta só costou cartos ao Concello. Fala vostede do aparcamento disuasorio. E nos orzamentos da Xunta o aparcamento disuasorio saíu dunha partida xenérica. Vostedes tiraron coa partida do Padroado ao lixo e agora pide plan de emprego.

➤ Don Odilo Barreiro: Vamos apoiar a moción. Sorpréndenos que non teñan partida. O presidente cando veña a visitar as súas obras, darase conta do que hai e remodelará.

➤ Dona Marta Freire: Vostede está desconectado do que pasa en Moaña en catro anos. Todos votamos por unanimidade tamén os do seu Grupo. Están aprobados por unanimidade. Queremos que as partidas para Moaña se inclúan no orzamento, por exemplo o Plan de Emprego. Vostedes están pelexando quen vai nas listas .

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

1) A Corporación do Concello de Moaña, mostra o seu rexeitamento aos presupostos presentados pola Xunta de Galicia para o ano 2016 por esquecer as necesidades do noso concello.

2) O pleno do Concello solicita do goberno da Xunta de Galicia a necesidade de incluír partidas orzamentarias que son de vital importancia para o noso concello:

- no ámbito sociosanitario a inclusión da partida suficiente para o inicio da construción do Centro de Saúde.

- no marco sociocultural a partida relativa ao Auditorio Municipal.

- no ámbito educativo a precisa para a execución das obras pendentes nos diferentes centros educativos do noso concello, así como a necesaria para a ampliación do IES Paralaia.

- no tocante á rede viaria a partida suficiente para a mellora da seguridade e mobilidade na PO-313 e PO-551 ao seu paso polo noso Concello, así como a precisa para a ampliación do aparcamento disuasorio de Domaio.

- no ámbito da inserción laboral a partida precisa para o desenrolo dunha política eficaz de loita contra o desemprego que permita impulsar os plans de emprego locais contemplados nos distintos acordos plenarios.

3) O Pleno da Corporación acorda trasladar estes acordos ao goberno da Xunta de Galicia e aos distintos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia.

15.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O TRANSPORTE E MOBILIDADE NA ZONA SUR DE PONTEVEDRA

Don Odilo Barreiro dá lectura á moción do BNG presentada no rexistro de Concello con data 23/10/2015, número de rexistro 7180, sobre o transporte e mobilidade na zona sur de Pontevedra, que literalmente di:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O TRANSPORTE E MOBILIDADE NA ZONA SUR DE PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos tempos que decorren, a mobilidade é un tema chave na vida das persoas e das sociedades, presentándose como un ben necesario e sendo un problema de carácter colectivo e social. Á súa vez é evidente a súa complexidade xa que supón un custo económico, a dedicación de tempo, as incomodidades que implica, a contaminación que orixina e o maior consumo de espazo público para as infraestruturas. Por tanto, as prestacións da mobilidade veñen determinadas polo seu desenvolvemento pasado e as necesidades do presente, o que determina unha actuación de carácter estratéxico con visión de futuro.

Á hora de deseñar políticas de mobilidade, á parte do anteriormente enunciado, debemos ter en conta o lugar onde se produce, as relacións que o motivan, a regularidade e o xeito en que se expresan e as medidas tomadas para satisfacelas.

No caso da zona sur de Pontevedra, a non concreción dunha proposta que debería abranguer a todos os concellos sobre un sistema de mobilidade sustentábel impediú avanzar na resolución dun problema vital para a maioría da cidadanía, en que os gobernos locais mostraron a súa máis profunda despreocupación, cando non bloqueando posíbeis solucións. Esta situación é reforzada pola falta de interese e liderado do Goberno galego incapaz de aglutinar vontades e esforzos xunto a unha falta de alternativa global adubada de estudos e recursos estragados sen presentar, tan sequera, as súas conclusións.

Hoxe deseñar políticas de carácter local non ten moito sentido, habida conta a interrelación e interdependencia existente entre as distintas localidades, o que obriga a ter unha visión máis de carácter global se se quere ser eficiente desde o punto de vista de prestación do servizo e, sobre todo, desde a satisfacción social. É absurdo presentar e promover medidas exclusivamente dentro de cada concello, cando a realidade mostra a necesidade de planificar en conxunto (aínda tendo en conta moitas variábeis específicas), coordinando os esforzos e evitando redundancias absurdas que representan unha dilapidación económica e unha insatisfacción da sociedade.

Á súa vez, debemos ter en conta un gran compoñente social cal é que a inmensa maioría das persoas usuarias son traballadoras, moitas con escasos recursos económicos ou sen eles, polo que as nosas propostas sobre políticas de mobilidade deben estar orientadas ás maiorías sociais, sendo

estas un xeito máis de redistribuír a renda.

Vigo, como cidade nucleadora da área, concentra ofertas de traballo, prestación de servizos básicos, culturais ou de ocio e xera unha gran cantidade de movementos, dentro e fóra do seu territorio, polo que está obrigada a exercer unha proposta integradora das necesidades de toda unha área superior ao seu ámbito territorial e sempre tendo en conta que ten competencias en materia de transporte público.

Neste sentido, é fundamental ter en conta o papel específico dentro da área xogado polo transporte marítimo de ría, como servizo básico para a comunicación dos concellos de Cangas e Moaña e a súa necesaria integración nun transporte colectivo e público da área sur de Pontevedra con carácter intermodal.

Pola súa banda, a Xunta de Galiza non pode seguir inoperante ante as necesidades de mellora do transporte colectivo que existen na área sur de Pontevedra, acrecentadas na actualidade pola apertura do novo hospital de Vigo Álvaro Cunqueiro. Área que, non debemos esquecer, abrangue unha poboación de preto de medio millón de persoas que precisan dispor de medios de transporte colectivos eficientes como alternativa ao uso do vehículo privado. Isto non só é fundamental para a mellora da mobilidade senón tamén dende o punto de vista ambiental pois, actualmente a maioría dos desprazamentos dentro da área son en vehículos privados (en torno ao 60% dos mesmos).

Logo, hoxe é máis necesario que nunca que as distintas administracións implicadas se comprometan en dar cunha solución satisfactoria ás demandas existentes, na área sur de Pontevedra, en materia de transporte e mobilidade.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza a iniciar os traballos para constituír un ente xestor da mobilidade, de carácter público e con ámbito na área sur de Pontevedra, en que participen os concellos da mesma e o Goberno galego, co obxectivo de promover e xestionar un plano metropolitano de mobilidade integral.

Instar á Xunta de Galiza e aos concellos da área a xestionar a mobilidade favorecendo a intermodalidade, mediante unha rede de intercambiadores intermodais, en que teñan cabida xunto co viario, o transporte ferroviario e marítimo de ría.

O Concello de Moaña, xunto ao resto dos concellos da área sur de Pontevedra e o Goberno galego, comprométese a traballar na implantación dunha estrutura tarifaria integrada que inclúa as políticas de financiamento necesarias do sistema e unha regulación de prezos acordes ás circunstancias socio-económicas da poboación.

Dar traslado dos presentes acordos tanto á Xunta de Galiza como ao resto dos concellos afectados.

Moaña, 22 de outubro de 2015

➤ Don Odilo Barreiro: que a Xunta de Galicia e o rexedor de Vigo arranxen o tema do transporte porque non é metropolitano, e Vigo non entrou e as tarifas deben ser asumidas polo Concello de Moaña, e as empresas sacan beneficios deste proceso. A mobilidade é necesaria, hai que favorecer a intermodalidade. Vigo ten que estar dentro e facer unha proposta integradora. A Xunta debe procurar incluír a Vigo e establecer un sistema tarifario que se basee na redistribución da riqueza.

➤ Don Jorge Santomé: as intencións son boas. A Xunta quíxoo facer, pero os teus socios de Vigo podían votar unha man. O Sr. Caballero quere ser o artífice da Área Metropolitana. A culpa é do Sr. Caballero que non quixo a Área Metropolitana.

➤ Don Odilo Barreiro: o responsable era a Xunta de Galicia, que é a quen lle compete. As condicións eran unha burrada, e Vigo non entrou. Se seguimos o modelo, por exemplo de Barcelona, non habería problema.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acorda:

- Instar a Xunta de Galiza a iniciar os traballos para constituír un ente xestor da mobilidade, de carácter público e con ámbito na área sur de Pontevedra, en que participen os concellos desta e o Goberno galego, co obxectivo de promover e xestionar un plano metropolitano de mobilidade integral.
- Instar a Xunta de Galiza e os concellos da área a xestionar a mobilidade favorecendo a intermodalidade, mediante unha rede de intercambiadores intermodais, en que teñan cabida xunto co viario, o transporte ferroviario e marítimo de ría.
- O Concello de Moaña, xunto ao resto dos concellos da área sur de Pontevedra e o Goberno galego, comprométese a traballar na implantación dunha estrutura tarifaria integrada que inclúa as políticas de financiamento necesarias do sistema e unha regulación de prezos acordes ás circunstancias socioeconómicas da poboación.
- Trasladar os presentes acordos tanto á Xunta de Galicia como ao resto dos concellos afectados.

16º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA, QUE SE ESTÁ A IMPULSAR POR PARTE DA CENTRAL SINDICAL CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

Don Odilo Barreiro dá lectura a moción do BNG presentada no rexistro de Concello coa data 23/10/2015, número de rexistro 7181, sobre a pobreza enerxética, que literalmente di:

*O Grupo Municipal do BNG, presenta a seguinte **moción**, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por parte da central sindical Confederación Intersindical Galega*

Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no

papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotámonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.
2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.
4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.
5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

➤ Don Odilo Barreiro: No Pleno de decembro de 2014 o BNG trouxo unha moción para instar o Goberno español a aprobar unha tarifa diferenciada para aforrar máis dun 30%. Galicia é

excedentaria e exportamos entre un 30 e un 40% da produción, e a pagamos igual que outras partes do estado. Esta igualdade foi aprobada durante o franquismo para que se pagase igual. Isto é inxusto e en Alemaña ou O Reino Unido, chega a haber catorce tarifas diferenciadas. No 2015 pactouse co PNV que as empresas vascas paguen menos que outras empresas. Temos a terceira enerxía eléctrica máis cara de Europa e moitos cidadáns teñen problemas para pagar a enerxía eléctrica. Os nosos soldos e pensións son dos máis baixos do estado. Esta é unha iniciativa da CIG.

➤ Don Antonio Sánchez: Teno descolocado ao comparar con Alemaña ou Francia. Vostede non é o máis indicado para falar das tarifas. Houbo quen nos deu as ideas das lámpadas. Incrementouse un 63% a tarifa. O PP foi o que puxo impostos sobre a produción enerxética.

➤ Don Odilo Barreiro: Vostede defende as grandes compañías eléctricas onde terminan os políticos do PP e onde se financian. Queremos diferenciar os galegos, pero non o van permitir. Non é unha proposta, é unha iniciativa legislativa popular, e son medidas que van axudar as empresas e os galegos.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por dez votos a favor, os do BNG, PS de G-PSOE e XM, e sete en contra, os do PP, acorda:

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado disto á Presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar a veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

17º. TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DA CONCELEIRA DONA ARACELI GESTIDO RODRÍGUEZ

A Sra. alcaldesa dá conta do escrito presentado no rexistro de Concello da data 21/10/2015 pola concelleira dona Araceli Gestido Rodríguez, DNI nº 73.241.985A, concelleira da Corporación Municipal do Concello de Moaña electa pola lista do Bloque Nacionalista Galego (BNG) nas pasadas eleccións municipais do 24 de maio de 2015, e no que expón que por motivos persoais, médicos, que lle impiden atender os deberes propios do cargo de concelleira coa dedicación que tal responsabilidade leva parella, presenta a súa renuncia ao cargo de concelleira para os efectos do artigo 182 da Lei orgánica 5/1985 de réxime electoral xeral.

➤ Dona Araceli Gestido agradece a todos os membros da Corporación que cambiasen a sesión plenaria para que puidese estar presente. Recoñece que é unha decisión moi difícil, e aguantei todo o que puiden, pero debo tomar esta decisión. Agradezo a todos os compañeiros o apoio, pero é unha decisión responsable, pero a miña situación require estar ao cen por cen. Dá o seu aprecio a todos os que traballamos na política, e considera que a sociedade non é consciente do sacrificio que facemos. Indica que quere que se saiba que é unha decisión de responsabilidade co cidadán, e o mellor para todos é darlle paso a María que creo que o vai facer moi ben. Grazas a todos vós. Prodúcense aplausos no salón.

➤ Don José Fervenza dálle os parabéns por estes dous anos que nos acompañastes, que con dous anos “chega”. Agradece o teu labor e que saiban os veciños o teu traballo desinteresadamente, o tempo que lle sacamos á familia e espero que che vaia moi ben. Dálle a benvinda á nova concelleira. Conclúe dicindo que estamos de paso na política.

➤ Don Francisco Javier Carro recoñece o sacrificio que ten que facer debido ás súas circunstancias, e espera que en canto o futuro neno lle chame mamá, lle soe a cantos de serea e a unha música inesquecible.

- Dona Marta Freire dálle as grazas polo tempo que estiveches aquí. Dálle os seus parabéns polo que che ben en camiño, o futuro neno.
- Don Odilo Barreiro dálle os seus parabéns e espera que eses condicionamentos biolóxicos saian ben. Agradécelle o seu traballo realizado. Botaremos de menos a túa vehemencia e o teu sorriso.
- A Sra. alcaldesa agradécelle a súa dedicación e indica que a súa saúde é benestar e o primeiro. Engade que tivo unha etapa de máis de dous anos, un na oposición e un no Goberno e agradece a forma na que afrontaches as cousas, e quere quedarse con iso con esa forza, recórdoche que te seguimos necesitando, e polas túas circunstancias actuais non nos deixes completamente. E que nos contaxies a túa alegría e o teu sorriso. Ti apostaches por vir na candidatura, nun proxecto novo, e creo que hoxe perdemos unha gran concelleira e agradecémosche o teu apoio.

Prodúcense aplausos das persoas asistentes.

Estando presente a concelleira renunciante, cúmprese o establecido no artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, xa que se fai efectiva e por escrito ante o Pleno da Corporación. Procede, pois, en virtude do establecido no artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, solicitar á Xunta Electoral Central que se proceda a remisión da credencial do concelleiro ao candidato ou, se é o caso, suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo á súa orde de colocación.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete concelleiros que compoñen a Corporación, acorda:

1º.- Tomar razón da renuncia de dona ARACELI GESTIDO RODRÍGUEZ, DNI N.º 73.241.985A, como concelleira do Concello de Moaña, que fora elixida nas listas do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

2º.- Comunicarlle esta dimisión á Xunta Electoral Central para que remita a credencial do concelleiro que deba legalmente substituílo, segundo conste na lista da candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG), no presente caso a seguinte candidata é dona María de los Remedios Ortega Iñarrea.

18.- ROGOS E PREGUNTAS

- Don José Manuel Juncal: Teño dous rogos, solicita da Alcaldía que se nos achegue unha relación de todas as multas de circulación da Policía municipal do día 24 e 25 de xullo. Só pido as matrículas. Tamén quere unha achega mensual de todos os pagos que se fan aos membros da Corporación de aquí para atrás.
- A Sra. alcaldesa: Poden acudir a Intervención e pedir todos os pagos.
- Don José Manuel Juncal: Sobre a Resolución núm. 554, quero ver os informes do reparo de Intervención.
- A Sra. alcaldesa: O expediente está na Secretaría.
- Don José Manuel Juncal: Sobre a Resolución 593 quero saber cales son os custos desa resolución para o Concello de Moaña. Da 594 quero o informe de Intervención. A 600, o informe de Intervención. Da 603, un pago a favor do xulgado. Da 622 quero o informe de Tesouraría e Intervención.
- Don Salvador Meira: Por alusión, a maqueta existe e é real. Reunímonos a alcaldesa e eu co equipo redactor e díxéronnos que existía a maqueta. Outra alusión, de se me gusta o auditorio, eu considero que é “unha pasada”.

➤ Don José Manuel Juncal: Esa maqueta pagouna o Concello, que volva, e ¿quen autorizou a empresa a levar a maqueta?

E non tendo outros asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa acorda rematar a sesión ás 00:59 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sra. alcaldesa-presidenta, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº e praxe
A alcaldesa

O secretario

Asdo.: Leticia Santos Paz

Asdo.: Adamantino Barreiro García.